# A anacruse

Observa:




O primeiro compás está incompleto. Fáltalle o pulso forte.

Cando unha melodía ten o primeiro compás incompleto dicimos que comeza en **anacruse**.

Normalmente o primeiro compás complétase ao final.

1 **Observa** a partitura da canción *Xa fun a Marín* e **responde** ás cuestións:




**a)** Cal é o compás da canción?

**b)** Cantos pulsos ten?

**c)** Comeza en anacruse? Por que?

**d)** Onde se completa o primeiro compás?